



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES EDUARDO PONDAL
CURSO: 3º ESO
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 4 de maio 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e que se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua</p>
<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>
<p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p>	<p>PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida releer a sección difíciles</p>
<p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</p>	<p>PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.</p>

<p>B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p>
<p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, risca duras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas</p>	<p>PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>
<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación.</p>	<p>PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades facendo un esforzo utilizar a lingua estranxeira cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>O carácter de progresividade que ten esta materia na súa aprendizaxe fai que apliquemos o concepto de avaliación continua e polo tanto, se unha alumna/o suspende a primeira a avaliación quedará recuperada automaticamente se a proba a segunda .</p> <p>Neste terceiro trimestre os contidos e estándares referenciados en (1) serán avaliados mediante a corrección dunha serie pechada de actividades escritas que o alumno está a realizar, a través do correo electrónico ou unha plataforma dixital. A selección destes estándares permitirá que se recuperen os contidos non superados, se a fonden cuestións xa vistas e se amplíen outras.</p> <p>Teremos en conta dúas situacións:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou a segunda aprobada que pode mellorar a súa cualificación traballando con tarefas de reforzo e ampliación no terceiro trimestre.2. Alumnado con dúas avaliacións suspensas ou a segunda suspensa que pode recuperar traballando con tarefas de repaso e reforzo no terceiro trimestre
Cualificación final	<p>Instrumentos : Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo o alumnado:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Poderá ampliar , repasar e reforzar contidos a través de tarefas variadas de vocabulario, gramática, escritura, lectura e audicións podendo interactuar e resolver dúbidas coa súa profesora e ver correccións e comentarios ao seu traballo de xeito telemático .2. Deberá subir as tarefas á aula virtual dentro do prazo para que quede rexistrado no informe do alumnado. <p>1. A cualificación final para o alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou coa segunda aprobada será a media desas dúas avaliacións podendo sumar ata 20% máis polas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial.</p> <p>2. A cualificación final para o alumnado coas dúas avaliacións suspensas, ou a segunda suspensa obterase valorando positivamente a realización das tarefas de repaso e reforzo realizadas no terceiro trimestre.</p> <p>Farase unha valoración das tarefas entregadas e se se alcanza unha media igual ou superior ao 5, acadará un aprobado na materia. Unha vez superada a materia</p>

	<p>este alumnado poderá tamén ver incrementada a cualificación ata un 20% coas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial.</p> <p>Ao longo do trimestre, o profesorado fará un seguimento das tarefas asignadas que deberán presentarse en tempo e forma. Os criterios que se seguirán para avaliar ditas tarefas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vídeo presentación oral: 30% • Tarefas escritas (subidas a aula virtual ou enviadas por correo): 70% <p>Deste xeito, todo o alumnado poderá mellorar a nota das dúas primeiras avaliacións se traballa e se esforza ao longo da fase non presencial</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non consiga aprobar en xuño, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro que, se é posible, será presencial e examinará os contidos mínimos vistos ata antes do confinamento. O exame terá tres partes: vocabulary and grammar 10p, Writing 10p, Reading 10p. A nota será a media dos tres apartados.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado deberá manexar o vocabulario, e as estruturas gramaticais básicas de nivel do curso inferior para poder entender textos curtos e escribir sobre temas cotiás con corrección.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>A falta do exame presencial de maio, o alumnado será cualificado positivamente polas tarefas que entregue na fase non presencial. Cada tarefa (4 tarefas) contará 1 p.</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>O alumnado recibirá 1 tarefa semanal con instrucións claras, sobre os contidos mínimos do curso anterior que deberá entregar telematicamente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades terán que ver cos estándares de aprendizaxe imprescindibles indicados no apartado 1. Planificaránse actividades de lectura e escritura, exercicios gramaticais, de vocabulario, audicións e unha exposición oral gravada en vídeo e enviada por correo. Serán variadas, recollerán os contidos mínimos vistos na fase presencial e servirán para ampliar, reforzar ou, se é o caso, recuperar.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O envío de tarefas para o alumnado será semanal. A tarefa pode incluír actividades para facer no caderno, para traballar online ou para subir a aula virtual. A profesora fará un seguimento da entrega das tarefas así como do progreso ou dificultades do alumnado entregando con prontitude as correccións e comentarios pola plataforma.
Materiais e recursos	Para a comunicación co alumnado úsase : <ol style="list-style-type: none"> 1. Correo electrónico. 2. A aula virtual. 3. A mensaxería de Abalar. 4. O teléfono. 5. A páxina web do centro 6. As vídeo conferencias a través da plataforma Webex.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ao alumnado por correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.